


RESOLUCIÓN REITORAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO DO 17 DE ABRIL DE 2013 POLA QUE SE PUBLICAN AS 2ª CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS DAS PERSOAS ADMITIDAS NO CAMPO DE CIENCIAS DA NATUREZA NA CONVOCATORIA DO PROGRAMA ESPECIAL DE PROMOCIÓN DO PDI 2011-2012.

Por acordo do Consello de Goberno do 8 de febreiro de 2012, fíxose pública a Convocatoria do Programa Especial de Promoción do Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo (curso 2011/12).



Con data 9 de maio de 2012, foi publicada a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas para participar nesa convocatoria.

A Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións recibiu, tal e como establece a convocatoria, os informes de avaliación das persoas candidatas, elaborados por unha comisión de expertos externos no marco do convenio suscrito pola Universidade de Vigo e a ACSUG. Con data 20 de setembro de 2012 foron publicadas as cualificacións provisionais dándose un prazo de 10 días hábiles ás persoas interesadas, para formular as súas alegacións.

Recibidas as alegacións, a Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións solicitou da ACSUG a revisión ás cualificacións provisionais. Con data 4 de febreiro de 2013 a Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións recibiu os novos informes da CGIACA, que, no campo Ciencias da Natureza, contiñan unha modificación á baixa da puntuación de todas as persoas candidatas no dito campo, incluso das que non presentaran reclamación, por efectuarse unha variación na aplicación dos criterios.

Dado que as ditas puntuacións son modificadas polo órgano de valoración, deberían ter novamente o carácter de provisionais, posto que se modifican as iniciais contidas na resolución provisional incluso sen terse presentado alegacións. Se as ditas puntuacións se lles outorga o carácter de definitivas incluso para as persoas que, por estar conformes coas mesmas inicialmente non presentaron alegacións, se lles pode causar indefensión.

Polo que, de conformidade co artigo 63.2 da Lei 30/1992, se podería dar lugar a un vicio de anulabilidade, polo que sería procedente acordar a retroacción do procedemento, de xeito que o momento da retroacción debe ser ata a resolución de 5 de febreiro de 2013, dándolle o carácter de resolución provisional no Campo Ciencias da Natureza, de xeito que as persoas interesadas poidan presentar reclamacións no prazo que se estableza, que serán remitidas ao órgano avaliador (ACSUG), realizándose novamente as actuacións a partir dese momento.

Por isto,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Acordar a retroacción do procedemento efectuando a publicación das puntuacións resultantes do informe da CGIACA (publicadas coa resolución de 5 de febreiro de 2013) co carácter de provisionais no Campo Ciencias da Natureza, establecéndose un **prazo de 10 días hábiles** (e dicir, **do 18 de abril ao 29 de abril ambos os dous incluídos**) para que os interesados poidan formular, se o desexan, as súas alegacións dirixidas á Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións.

As cualificacións contidas no anexo I son previas á ponderación que se realizará no proceso de adxudicación das prazas en virtude do procedemento descrito na convocatoria.

Considerarase definitiva a puntuación dos candidatos que no prazo indicado non formulen alegacións.

Vigo, 17 de abril de 2013

O REITOR,

Por delegación R.R. 05/09/2011

A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións




Margarita Estévez Toranzo

ANEXO I

PROGRAMA ESPECIAL DE PROMOCIÓN DO PDI 2011-2012

2º AVALIACIÓN PROVISIONAL CAMPO CIENCIAS DA NATUREZA

APELIDOS	NOME	ÁREA	Experiencia Investigadora	Actividade docente	Formación Académica	Experiencia e outros méritos	Experiencia en xestión universitaria
ALVAREZ JIMENEZ	MARUXA	220	158,03	29,6	17,35	25,89	1,7
BARREAL MODROÑO	MARIA ESTHER	412	93,03	14	10,85	22,8	1
CALVIÑO CANCELA	MARIA	220	186,8	29,2	12,2	43,5	0
PRADO CASTRO	MARIA JESUS	412	70,95	24,45	11,85	17,07	1
SOBRINO GARCIA	CRISTINA	220	175,18	23,9	18,5	45,5	0,4